



Como facer do teu centro de ensino un  
**CENTRO COEDUCATIVO?**



# Como facer do teu centro de ensino un CENTRO COEDUCATIVO?

Educar en igualdade, educar para eliminar discriminacións, educar para evitar calquera tipo de violencia de xénero é un labor que atinxe a toda a comunidade educativa e debe ser un obxectivo para todo centro de ensino. Educar en igualdade é tamén unha obriga legal e debe constar como se vai traballar tanto no Plan de Acción Titorial como no Plan de Convivencia. Hai que lembrar, así mesmo, que no Consello Escolar ten que haber unha persoa responsábel de coeducación. Garantir que ningunha persoa nin na aula nin fóra dela se vai sentir marxinada pola súa opción sexual, que os espazos van ser compartidos, que a lingua utilizada vai visibilizar a todo o alumnado, que se vai traballar a igualdade de oportunidades son algúns dos obxectivos que debemos propormos nas nosas escolas, colexios, institutos...

Desde a CIG-Ensino sempre consideramos necesaria a formación en materia de igualdade e desde logo a súa posta en práctica co alumnado. De feito, conxuntamente coa AS-PG, chegamos xa á XVI Edición das Xornadas das Mulleres, elaboramos anualmente material didáctico relacionado con esta temática, tamén anualmente ofertamos un curso a distancia e mesmo vimos de editar o libro: *Coeducación. O alicerce do ensino*.

As nosas propostas para acadar centros coeducativos recollen iniciativas comúns a todos os centros como:

## 1. ELABORACIÓN DUN **PLAN DE IGUALDADE** OU **PLAN COEDUCATIVO**.

O *Plan de igualdade* é o documento que recolle o diagnóstico da situación en materia de igualdade de cada centro (mediante enquisas ao alumnado, nais/pais, profesorado e persoal non docente) e que marca os obxectivos e as ferramentas e actuacións que se van levar a cabo para conseguilos.

Coa intención de facer a nosa achega neste sentido, alén do capítulo recollido no libro *Coeducación. O alicerce do ensino: A elaboración dun plan de igualdade nun centro* que repartimos en todos os centros no primeiro trimestre desde curso 2018-19, tamén elaboramos o documento: *Claves para a elaboración dun plan de Coeducación nun centro de ensino*. (<https://www.cig-ensino.gal/recursos.html>).

## 2. DESIGNACIÓN DUN **EQUIPO DE IGUALDADE** CUN MEMBRO QUE EXERZA DE COORDINADOR/A DO MESMO.

Todo o profesorado do centro podería formar parte e debe estar representado o Equipo Directivo e o Departamento de Orientación. Este equipo encargarase de fomentar no centro accións encamiñadas a acadar unha convivencia en igualdade como crear un observatorio LGTBI, dirixir ou apoiar celebracións reivindicativas como o 25 de novembro ou o 8 de marzo, etc.

### 3. ELECCIÓN DE MATERIAS OPTATIVAS RELACIONADAS COA COEDUCACIÓN

Nos centros de primaria o traballo da coeducación debe tratarse, segundo a legislación vixente, de xeito transversal. Centrándonos unicamente nos **centros de secundaria**, consideramos que é imprescindíbel garantir en todos eles a oferta de **materias optativas de igualdade** para a súa elección por parte do alumnado.

O alumnado ten dereito a unha formación en materia de igualdade; a oferta de materias optativas centradas na coeducación contribúe enormemente a garantir ese dereito. Ademais o feito de ser transversal e afectar a todas as materias do currículo facilita que calquera docente con formación, inquietude e sensibilidade poida impartir unha materia específica de igualdade.

A ORDE do 7 de agosto de 2018 establece como materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obligatoria e bacharelato as seguintes:

- **Sociedade Inclusiva** poderá ofrecerse no primeiro e segundo curso de educación secundaria obligatoria (1 hora).
- **Coeducación para o século XXI** podrá ofrecerse no primeiro curso de bacharelato (2 horas).

A ORDE do 13 de xullo de 2016 amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes e inclúe **Igualdade de xénero**, dirixida a 1º-2º da ESO (1hora).

Ademais, cada centro de ensino ten a posibilidade de ofertar as súas propias materias optativas específicas sobre igualdade (como “Igualdade e imaxe”, “Adolescencia e igualdade, traballando os micromachismos” ou “recoñecer a previr a violencia de xénero”, por mencionar algúns exemplos de materias que se impartiron en algúns centros).

Desde a **CIG-Ensino** queremos **informar** sobre a legislación existente, **achegar material** que poida axudar á hora de traballar esta temática e **animar** ao profesorado a implicarse neste traballo que consideramos fundamental para acadar un ensino más xusto e atento ás demandas sociais. Por outra banda, somos conscientes das carencias coas que se confronta o profesorado á hora de traballar neste sentido. É por iso que diriximos un escrito á Conselleira de Educación **para demandar á Administración** que facilite esta tarefa: para que haxa unha persoa responsable de coeducación en cada centro e un cadro de persoal disposto a formarse e a participar, é preciso que ese cadro de persoal sexa amplo e con disposición horaria dos seus membros; sen recursos económicos e humanos non se pode avanzar, tan só dar tímidos pasos da man de persoas que se implican por voluntarismo. É imprescindible o compromiso da Administración educativa neste terreo.

